

## ACTA REUNIÓN COMITÉ DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

Ana Comesaña Álvarez, Vicexerente de Persoal  
Miguel Diéguez Díaz, Vicexerente do campus  
de Ourense

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo  
de PAS

M<sup>a</sup> Carmen Pérez Martínez, Xefa Sección  
Xestión de PAS (non asiste)

Margarita González Hernández, Xefa Sección  
Emprego e Programas, Secretaria

#### COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez

#### COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge

Ángel Torreiro Varela

#### XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

María Fariza Novoa

Xan Cebro Rodríguez

Xosé Henrique Macías Cambra (non asiste)

Acta da reunión celebrada ás 9:45 horas do día  
22 de decembro de 2009, na sala de xuntas nº 1  
do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa  
asistencia das persoas que se citan á marxe e de  
acordo coa seguinte

#### ORDE DO DÍA:

1º.- Convocatoria específica para selección  
temporal dunha praza de Técnico Superior de  
Investigación no campus de Ourense.

A Vicexerente de Persoal pasa a palabra ao Vicexerente do Campus de Ourense para que pase a explicar as bases da convocatoria para a selección temporal dunha praza de Técnico Superior de Investigación no campus de Ourense, xa que foi él quen as elaborou. O Vicexerente informa que está pendente de cales serán os temas sobre os que versará o suposto práctico da base terceira. Os representantes dos Comités suxiren que no apartado b da base terceira punto primeiro se substitúa a actual redacción “versará sobre os temas...” por “versará sobre o temario do anexo II”.

Xan Cebro e o resto dos membros representantes do persoal laboral e funcionario queren que nesta e noutras convocatorias deste tipo no apartado de acceso interno se lle dé acceso ao persoal funcionario.

A Vicexerente de Persoal di que o actual Convenio Colectivo non o permite. Porén a administración estaría disposta a negociar promocións entre funcionarios e laborais, para o que se debería elaborar un novo regulamento do PAS no que se contemplasen as bases para regular as promocións tanto horizontais como verticais, recollendo os criterios xerais de promocións, requisitos, condicións.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A Vicexerente de Persoal entrega un informe para a contratación fóra da RPT dun Técnico Superior de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:25 horas.